


# INFORME DE AVALICIÓN DO PAT

(Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural)

---

Curso 2018/2019

R2 DO-0203 P1



INFORME DO PAT DO “MESTRADO EN VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO” DO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

REUNIÓN do día 23 de novembro de 2018

Como titor do PAT do “Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural da Universidade de Vigo”, o día 30 de novembro de 2017, logo da presentación da materia *Figuras de Intervención* procédese a informar ao alumnado presente de varios aspectos do PAT. Algúns destes aspectos xa foran informados na presentación oficial do curso. Nesta presentación están presentes 7 alumnos/as sendo visualizada posteriormente pola totalidade do alumnado.

Nesta oportunidade, se lle invita a cumplimentar as fichas de alumnado (Anexo II), disponibles no espazo común do Máster, e que se lles envían por mail directamente. Indícaselles que se trata dunha acción voluntaria, pero importante para a aplicación de melloras no título. No entanto, e como ven sendo habitual en outras edicións, ningúén cumplimentou a ficha. Informáselles tamén que se lles convocara por mail a unha tutoría conxunta ao final do primeiro cuatrimestre onde se intercambiaran impresións e reflexións sobre a docencia, as dificultades atopadas,...etc., coa finalidade de posibles melloras cara futuras edicións.

REUNIÓN do día 10 de xaneiro de 2019

Nesta reunión intermedia participaron un total de 9 alumnos/as na sala común do mestrado da plataforma virtual (e-meeting) nunha sesión creada a tal efecto polo titor. A sesión non foi gravada para protexer a confidencialidade das intervencións.

En xeral, todas/os coincidiron en sinalar a súa satisfacción co mestrado; en consonancia afirmaron que llo recomendarían a outras persoas.

Os problemas transmitidos ao titor foron os seguintes:

- Diversidade entre o profesorado á hora de publicar datas e contidos na plataforma en e-meeting, como por exemplo o momento de subir o enlace das clases on line.
- Algún problema de comunicación con determinado profesorado.

- Loubanzas, en concreto en relación á profa. M. Solla, quen incluíu nas cualificacións un breve comentario que lles permitir coñecer os seus erros e o a xustificación da avaliación.

- Problemas en relación ás Prácticas e tardanza á hora de coñecer os posibles destinos. O titor aclaroulles neste caso concreto que se tratou dun problema derivado dun convenio coa Xunta de Galicia.

Xa para rematar, o titor formulou a posibilidade de crear un repositorio público na web do título dos TFM's defendidos. Os/as alumnos/as de este ano estarían dispostos a colgalos.